



QUE TEMA TRABALLAMOS? (TÍTULO):

1 QUE SABEMOS DO TEMA? (ACTIVAMOS OS NÓSOS COÑECEMENTOS). 10 MIN.

- Non podeades abrir o libro. Facede unha choiva de ideas, que sabedes deste tema?
- Abride o libro e anotade os apartados xerais do tema.
- Ver os apartados xerais, lembrouvos algo?, que vos lembrou?

2 REPARTIMOS O TRABALLO ENTRE OS EQUIPOS. 5 MIN.

- Reúnense os representantes dos equipos para repartir tarefas dos distintos apartados do tema.
 - Un dos equipos encargárase de descubrir que se necesita saber para poder facer os exercicios de cada un dos apartados, con exemplos.
 - Outro equipo irá descifrando en que consiste cada apartado, que obxectivo persegue.
 - Outro equipo busca os exercicios que se propoñen no tema para traballar cada apartado.
 - Outro dos equipos extrae un dos exemplos resoltos que se propoñen para cada un dos apartados, tentando comprendelo.

3 TRABALLAMOS EN EQUIPO NA NOSA TAREFA. 15 MIN.

- Cada un dos equipos traballa na súa tarefa, poden repartir os distintos apartados entre os membros do grupo e, tras 5 minutos, poñelo en común e completalo coas achegas e ideas dos demais compoñentes.

4 PREPARACIÓN PARA A POSTA EN COMÚN. 10 MIN.

Cada equipo prepara tantas follas como apartados ten o tema e, en cada folla, escribe as súas conclusións, que na próxima sesión terán que presentar ó grupo.